



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/21	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de maio de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 19:33 ata as 19:56 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Apróbación da acta da sesión anterior realizada en data 21 de maio de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 21 de maio de 2018.

#### Expediente 7413/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N.º 7413/2018.-

PRIMEIRO.- Outorgar a J M F e R F M, titulares dos DNI nº e nº, con enderezo a efectos de notificacións en, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, para reposición de cuberta, mantemento e reformar 46,11 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 77,80 m<sup>2</sup>., en primeiro andar en vivenda existente sita en rúa (referencia catastral), de conformidade co proxecto redactado polos arquitectos UN+UN CB visado o 21.11.2017, documentación complementaria de data 27 de decembro de 2017 e a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 14.05.2018, condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a trinta e dous mil setecentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (32.753,44 €).

SEGUNDO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

#### Expediente 660/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[1][2][3]EXPEDIENTE N.º 660/2018.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en, para no lugar de rúa do Tobal-San Roque-Darbo (), licenza de obras para executar unha R.B.T.S., para canalización de 27,00 metros lineais e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil trescentos vinte e nove euros con sesenta e oito céntimos (1.329,68 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo

#### Expediente 5566/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[4][5][6]EXPEDIENTE Nº 5.566/2017.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en, para no lugar de As Uchas-Vilanova-O Hío (), licenza de obras para executar unha R.B.T.S., para canalización de 56,00 metros lineais e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada, condicións impostas por Aguas de Galicia de data 13 de novembro de 2017, POL de data 19 de decembro de 2017, Costas de data 1 de marzo de 2018 e Patrimonio de data 9 de marzo de 2018:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Debe computarse no aval global depositado o importe de cinco mil setentos setenta e seis euros con corenta e oito céntimos (5.776,48 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 659/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[7][8][9]EXPEDIENTE N° 659/2018.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en, para no lugar de Rubiña-Coiro (N°SGD), executar unha R.B.T.S., para canalización de 35 metros lineais, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil novecentos dez euros con noventa céntimos (3.910,90 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 265/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[10][11][12]EXPEDIENTE Nº 265/2018.- Outorgar licenza de obras a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en, para no lugar de Retirosa-Coiro (nºSGD), para executar unha R.B.T.S., para canalización de 1 metros lineal e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial M A B L e condicións impostas pola Deputación Provincial de data 6 de febreiro de 2018:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 1550/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento



[[13]][14][15]EXPEDIENTE Nº 1550/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", titular do CIF nº A, con domicilio a efectos de notificacións en, para en rúa Gorgullón, nº 24-Vilariño-O Hío (nº SDG:), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 34,00 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada en data 7 marzo de 2018, redactada polo enxeñeiro industrial MABL e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil trescentos trinta e seis euros con dous céntimos (1.336,02 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 2233/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.233/18.-

PRIMEIRO.- Outorgar a M C A, con enderezo na, licenza de obras para construír un muro de contención de terras de 14,85 ml., no lugar da Baixada á Praia de Menduñña-Aldán (referencia catastral), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto, O G M, de abril de 2018 e ás condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 11 de abril de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cincocentos catorce euros con trinta e catro céntimos (2.514,34 €).

SEGUNDO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así



como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

#### Expediente 1403/2018. Licenza de parcelación

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1403/2018.-

PRIMEIRO.- Outorgar licenza para a segregación, agrupación simultánea e posterior parcelación urbanística que promoven MNP E BNM, titular dos DNI nº e nº, consistente en segregar, agrupar dous predios iniciais, sitios na Piña-Nerga (referencia catastral), para a súa posterior segregación en cinco parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico H G G, de data febreiro de 2018 e documentación complementaria incorporada ao expediente en data 14.04.2018 e 03.05.2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 554,10 m2., sobre a que existe unha vivenda unifamiliar e un almacén; a parcela 2 de 614,80 m2., sobre a que existe unha vivenda arrimada a lindeiro e un almacén; a parcela 3 de 2.124,90 m2., na que existe un galpón arrimado a lindeiro; a parcela 4 de 30,40 m2., correspondente ás superficies de cesión; e parcela 5, tamén de cesión de 24,80 m2.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará á obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 55,20 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

#### Expediente 299/2017. Licenza de demolición

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 299/2017.- Outorgar a "DEMOLICIONES Y DESAMIANTADOS GALICIA SL", titular do CIF nº, con enderezo a efectos de notificacións en, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras para demolición de dous chalets adosados sitios en Ramal do Paraíso (polígono 47 parcela 261), de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado pola arquitecta técnica Mª R P P visado o 02.04.2018. O presuposto de execución material das obras ascende a vinte e nove mil novecentos noventa euros con cincuenta céntimos (29.990,50 €).

#### Expediente 2412/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2412/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C C P,



titular do DNI nº, con enderezo a efectos de notificacións, para rehabilitación de cuberta e fachada con mellora de accesibilidade de edificación existente sita en rúa Valentín Losada, nº 25 (referencia catastral), de acordo coa documentación técnica redactada polos arquitectos M F E, A L N e R A A de data 10 de maio de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a vinte e catro mil catrocentos noventa e cinco euros con vinte e un céntimos (24.495,21 €).

### Expediente 619/2018. Solicitud de ocupación de vía pública con caseta desmontable

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

[16][17][18]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta do departamento de xestión de ingresos tributarios e coas condicións indicadas no presente acordo, referente á solicitude para ocupación de vía pública coa instalación de caseta para venda de melóns e sandías en Rodeira, que di o seguinte:

*"Informa:*

*Con data con data de rexistro de entrada de 6 de abril de 2018, P M Á co NIF e M N C co NIF e con enderezo en rúa, solicitan permiso para a instalación temporal de unha caseta de 12,00 m2., para a venda polo miúdo de sandías e melóns na denominada esplanada- aparcamento de Rodeira desde o 1 de xuño ao 31 de agosto de 2018.*

*Tendo en conta a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOPPO nº 248 de 30 de decembro de 2013).*

*Proposta: ocupación de vía pública dunha caseta de 12,00 m2., na denominada esplanada-aparcamento de Rodeira desde o 1 de xuño ao 31 de agosto de 2018 a nome de P M Á co NIF e M N C co NIF e con enderezo na rúa "*

#### CONDICIÓN

A instalación da caseta realizarase no lugar da esplanada de Rodeira que lle sinale a concelleira delegada de Servizos, condicionada a presente autorización a previo acordo de cambio de situación dos colectores do lixo, así como, á obtención de autorizacións preceptivas.

A autorización da instalación deberá condicionarse ás seguintes:

- a) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación con caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira. Prohíbese calquera outro destino.
- b) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pagamento da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.
- c) O beneficiario da autorización asumirá todos os gastos de conservación e mantemento, impostos taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.
- d) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo/s beneficiario/s da autorización.
- e) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización,





**Concello de Cangas**

por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio de administracións públicas.

f) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

g) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ao 31 de agosto de 2018.

h) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para a tempada de verán do ano 2018.

j) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

k) No non previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio de administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais e demais normativa aplicable.

**Expediente 2603/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

[19][20][21][22] Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a A.C.A., co expediente nº 36008/02/002028, o Servizo de axuda no fogar a través da venda de LIBRE CONCORRENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

\*Atencións de carácter persoal.

\*Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

\*Atencións de carácter educativo e psicosocial.

Custo do servizo: trescentos oitenta e catro euros con doce céntimos (384,12 €).

Achega económica da persoa usuaria: segundo a capacidade económica: 0 €/mes.

Número de horas: 30 horas.

Data prevista de alta no SAF: maio de 2018.

**Expediente 2591/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

[23][24][25] Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos

**Concello de Cangas**



sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a C.G.M., con expediente nº 36008/01/001298 o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrència (con carácter temporal durante o período de convalecencia) e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: trescentos sesenta e tres euros con trinta céntimos (363,30 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: setenta e dous euros con sesenta e seis céntimos (72,66 €/mes).

Número de horas: 30 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 29 de maio de 2018.

**Expediente 7154/2017. Solicitudes de transmisión de postos de venda ambulante**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[26][27][28][29]15.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 114

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 24.05.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente á transmisión de autorización do posto de venda nº 114, que é como segue:

*"ANTECEDENTES*

*Por escrito de data de rexistro de entrada 21.05.2018, M D S M, con DNI nº 53 e enderezo en rúa, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de Mª B E J, con DNI nº, domiciliada en rúa, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

*CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*



II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente M<sup>a</sup> B E J con DNI n<sup>o</sup>.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

#### ACORDO

*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto n<sup>o</sup> 114 do mercado dos martes e venres do que era titular M D S M a favor de M<sup>a</sup> B E, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".*

#### 15.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE N<sup>o</sup> 13

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 24.05.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente á transmisión de autorización do posto de venda n<sup>o</sup> 13, que é como segue:

#### "ANTECEDENTES

*Por escrito de data de rexistro de entrada 08.05.2018, M<sup>a</sup> E C G, con DNI n<sup>o</sup> e enderezo en rúa, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de S A J J, con DNI n<sup>o</sup>, domiciliado en rúa, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*A solicitude anterior acchégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das



*autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente S A J J, con DNI nº.*

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de*

#### **ACORDO**

*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 13 do mercado dos martes do que era titular Mª E C G a favor de S A J J, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".*

#### **15.C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 135**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 24.05.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente á transmisión de autorización do posto de venda nº 135, que é como segue:

#### **"ANTECEDENTES**

*Por escrito de data de rexistro de entrada 27.04.2018, JCPA, con DNI nº e enderezo en rúa, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de TDL, con DNI nº, domiciliado en rúa, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*A solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

*II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*



*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente TDL, con DNI nº.*

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de*

#### **ACORDO**

*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 135 do mercado dos venres do que era titular, JCPA a favor de TDL, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".*

#### **15.D) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 132**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 24.05.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente á transmisión de autorización do posto de venda nº 132, que é como segue:

#### **"ANTECEDENTES**

*I.- Por escrito de data de rexistro de entrada 30.01.2018, APB, con DNI nº e enderezo en rúa, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular os venres, a favor de RJJ, con DNI nº, domiciliado no, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*A solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

*II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

*III.- No presente caso, comprobouse que a autorización municipal da que é titular A P B, con*



*DNI nº, o habilita para a venda ambulante os martes e o venres, sendo esta a autorización obxecto de transmisión, non cabe acceder a esta nos termos solicitados toda vez que esta non se está a transmitir integramente e o apartado 5 do citado artigo 16 establece que está prohibida a súa transmisión parcial.*

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 132 do mercado dos venres do que era titular APB a favor de RJJ con base na motivación exposta.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".*

**Expediente 1193/2018. Dación conta da concesión de axudas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a programación de actividades da dinamización da lectura**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

[30][31][32][33][34]A Xunta de Goberno Local queda informada da dación de conta de data 24.05.2018 da Alcaldía, referente á concesión de axudas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a programación de actividades da dinamización da lectura, que di o seguinte:

*"A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por Resolución de 9 de maio de 2018, publicada no DOG de data do 16.05.2018, concede oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (855,26 €) á Axencia Municipal de Lectura de Coiro; oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (855,26 €) á Biblioteca Pública Municipal Central; oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (855,26 €) á Biblioteca Pública Municipal de Aldán; e oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (855,26 €) á Biblioteca Pública Municipal do Hío, ao abeiro da Orde de 20 de febreiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia".*

**Expediente 3503/2017. Pago da anualidade correspondente a 2018 pola adquisición con pago aplazado do inmovible da antiga Cámara Agraria Local (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**



Unanimidade/Asentimento

[35][36][37][38]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 28.05.2018, referente ao pago da anualidade correspondente a 2018 pola adquisición do inmovible da antiga Cámara Agraria Local, que é como segue:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Visto que con data 7 de marzo de 2014 o Concello de Cangas acordou a adquisición, con pago aprazado, do inmovible da antiga Cámara Agraria Local, sito en rúa Cuba, número 4 do Concello de Cangas.*

*Visto que con data de 7 de maio de 2018 (registro nº 4977), a Consellería de Facenda procede a liquidar a cota correspondente e requirir o pago da anualidade correspondente a 2018, por un importe total de corenta e cinco mil douscentos tres euros con sesenta e un céntimos (45.203,61 €), dos que trinta e oito mil trescentos oito euros con catorce céntimos (38.308,14 €), corresponden ao principal e oito mil corenta e catro euros con setenta e un céntimos (8.044,71 €) corresponden a xuros.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e ordear o pago da anualidade correspondente a 2018, pola adquisición con pago aplazado do inmovible da antiga Cámara Agraria Local, por un importe total de corenta e cinco mil douscentos tres euros con sesenta e un céntimos (45.203,61 €), dos que trinta e oito mil trescentos oito euros con catorce céntimos (38.308,14 €), corresponden ao principal e seis mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e sete céntimos (6.895,47 €), corresponden a xuros.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos servizos de Intervención e Tesourería municipais para os efectos de impulso do procedemento".*

**Expediente 2291/2018. Dación conta da Resolución de solicitude de axuda á Consellería de Política Social para o programa de Servicio voluntariado xuvenil-2018 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
o

[39][40][41][42][43]A Xunta de Goberno Local queda informada da Resolución da Alcaldía de data 28.05.2018, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social para o programa de Servicio voluntariado xuvenil-2018, que é como segue:

*"RESOLUCIÓN*

*Visto o disposto na Orde da Consellería de Política Social de 16 de abril de 2018, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 e visto que o Concello cumpre cos requisitos que nela se estipulan.*

*Visto que o Concello de Cangas conta con proxecto de voluntariado xuvenil que ten por*



**Concello de Cangas**

*obxecto favorecer a incorporación do voluntariado na vida cultural e lúdico educativa da vila para exercitar a solidariedade e cooperación como valor na sociedade.*

*De conformidade co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local,*

**RESOLVO**

*Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado proxecto de voluntariado xuvenil do Concello de Cangas, cun orzamento total de dous mil oitocentos euros (2.800,00 €).*

*Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social, ao abeiro da Orde de 16 de abril de 2018 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, unha axuda polo importe de dous mil oitocentos euros (2.800,00 €).*

*Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total de execución prevista.*

*Cuarto.- Declarar que para esta mesma actuación que se solicita non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Quinto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850